

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

14048 *REAL DECRETO LEI 6/2007, do 20 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes para a urbanización e construción de novas vivendas en Alcázar de San Juan, Ciudad Real. («BOE» 174, do 21-7-2007.)*

O Real decreto lei 5/2007, do 22 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas inundacións producidas polos trebóns de chuvia, sarabia e vento que afectaron na segunda quincena do mes de maio de 2007 diversas comunidades autónomas, dispuxo a aprobación dun catálogo de actuacións de carácter urxente para paliar as consecuencias dos citados fenómenos, os cales produciron graves e cuantiosos danos de diversa índole.

En relación cos danos ocasionados por tales inundacións, destacan os producidos na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha, no municipio de Alcázar de San Juan, onde, como consecuencia da forte treboada que se produciu o día 23 de maio de 2007, se inundaron diversas zonas do municipio e, especialmente, o barrio «Hermanos Laguna».

O barrio «Hermanos Laguna», do cal forman parte 150 vivendas, foi construído pola Obra Sindical do Fogar, en dúas fases, a partir do ano 1956. As 150 vivendas vendéronse en réxime de acceso diferido á propiedade, e foron transferidas á Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha polo Real decreto 615/1984, do 8 de febreiro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de patrimonio arquitectónico, control da edificación e vivenda.

A urbanización do barrio, ben como as súas características construtivas, ocasionaron que os veciños sufrisen en reiteradas ocasións danos producidos polas fortes chuvias, que nas do pasado 23 de maio necesitaron a evacuación dos residentes para evitar situacións de risco para as persoas.

Atendendo ao anterior, ás valoracións técnicas e aos estudos xeotécnicos realizados nos barrios afectados, evidenciouse a insuficiencia das medidas adoptadas respecto das condicións de habitabilidade das vivendas ben como unha progresiva degradación dos edificios que exige corrixir a situación descrita. Sobre esta base, e desde un máis amplo punto de vista, cómpre abordar con carácter inmediato e excepcional as actuacións necesarias para a substitución e construción das novas vivendas, co fin de cumprir o mandado constitucional de facilitar o acceso dos veciños afectados a unha vivenda digna e acorde coa nova lexislación na materia, en especial, a Lei 8/2007, do 28 de maio, do solo, a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación.

Co obxecto de evitar novos danos nas vivendas que se poidan producir por novas inundacións como consecuencia de fenómenos meteorolóxicos imprevistos, as administracións públicas implicadas, Xunta de Comunidades de Castilla-La Mancha e Concello de Alcázar de San Juan, xunto ao Goberno de España, respectando o marco competencial establecido na Constitución española, decidiron adoptar as medidas oportunas para pór en marcha, de forma urxente, a substitución das vivendas do barrio «Hermanos Laguna» por novas vivendas, que permitan o traslado da poboación residente a unha zona próxima do municipio en que non existan os riscos de inundacións das vivendas actuais.

O proceso de substitución e construción de vivendas exige a adopción de medidas urxentes por parte de todas as administracións públicas implicadas, baseadas no principio da coordinación administrativa para garantir aos cidadáns a seguranza na súa residencia e o mantemento dos seus dereitos sobre as vivendas adquiridas das propias administracións públicas.

Esta urxencia deriva do estado de deterioración en que se encontran as vivendas afectadas pola inundación e a necesidade de evitar futuros riscos para a seguranza das persoas ante a eventualidade de novas inundacións.

Todos estes procesos son complexos, ao atinxiren distintas administracións e precisaren medidas de ordenación territorial e construtivas que implican un período de execución extenso no tempo, o que aconsella afrontalos con celeridade unha vez producida a situación de emerxencia.

Por iso, débese comezar a formular con urxencia a necesaria ordenación para a disposición de solo, a redacción de proxectos, a contratación e a execución de obras. Todo isto precisa dispor de forma inmediata do financiamento suficiente para afrontar esas actuacións e da declaración da súa utilidade pública e interese social.

É habitual que o Goberno da Nación subscriba no exercicio das súas facultades de coordinación e cooperación coas comunidades autónomas e concellos convenios para a rehabilitación de zonas urbanas ante unha catástrofe.

Porén, neste caso singular, a subscripción do correspondente convenio coa Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha e o Concello de Alcázar de San Juan debe considerar, por unha parte, a necesidade de construción de novas vivendas e, por outra, a actuación sobre o barrio afectado, cuxas vivendas non están en condicións de habitabilidade. Iso precisa a declaración de utilidade pública e de interese social, o que, necesariamente, require de norma con rango de lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Vivenda, e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2007,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto lei ten por obxecto establecer as liñas básicas de actuación e financiamento para a construción de novas vivendas en Alcázar de San Juan co fin de proceder ao realoxamento dos veciños do barrio «Hermanos Laguna» afectados polas inundacións do pasado mes de maio, na forma e cos requisitos que posteriormente se determinen, co fin de dispoñer dunha vivenda de calidade, construída en terreos adecuados e a salvo de riscos naturais.

Artigo 2. *Persoas con acceso á vivenda.*

Recoñéceselles o dereito de acceso preferente a unha das novas vivendas a aquelas persoas que deban ser realoxadas procedentes do grupo de vivendas «Hermanos Laguna» de Alcázar de San Juan, no mesmo réxime xurídico de ocupación con que a desfrutaban no 23 de maio de 2007.

Os requisitos e as condicións de adxudicación das vivendas aos afectados determinaranse mediante orde ministerial do Ministerio de Vivenda, de conformidade coa normativa aplicable e con suxeición aos principios de obxectividade e transparencia e atendendo a criterios relativos ao número de membros da unidade familiar, renda individual ou familiar e posible concorrencia de situacións singulares de necesidade ou dependencia.

Artigo 3. *Actuacións e financiamento.*

O Ministerio de Vivenda, directamente ou a través dos seus organismos públicos dependentes, participará no financiamento e xestión das actuacións necesarias para a construción urxente das vivendas e de todas as obras e actuacións de urbanización que foren precisas.

Artigo 4. *Réxime administrativo e de contratación.*

Aplicarase o trámite de urxencia a todas as actuacións municipais e da Administración xeral do Estado relacionadas coas obras a que se refire o artigo anterior.

Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os que sexan necesarios para a realización das actuacións referidas nesta disposición.

Artigo 5. *Convenio con outras administracións públicas.*

1. O Ministerio de Vivenda subscribirá coa Xunta de Comunidades de Castilla-La Mancha e o Concello de Alcázar de San Juan o correspondente convenio para abordar de forma inmediata as actuacións previstas no artigo 3.

2. Decláranse de utilidade pública as actuacións da Administración xeral do Estado que se prevegan no citado convenio para os efectos da ocupación dos terreos afectados por riscos naturais no barrio «Hermanos Laguna», do termo municipal de Alcázar de San Juan, para evitar futuros danos derivados deses riscos.

3. Declárase o interese social das novas vivendas que se constrúan conforme o disposto neste real decreto lei.

Artigo 6. *Créditos orzamentarios.*

Para o financiamento das actuacións establecidas neste real decreto lei, tramitaranse as modificacións orzamentarias necesarias por unha contía de 9.000.000 €, de

conformidade co previsto nos artigos 50 e 55 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria.

Disposición adicional única. *Compatibilidade con outras axudas.*

O dereito de acceso dos particulares ás vivendas construídas en virtude das disposicións deste real decreto lei é independente e compatible coas axudas que poidan recibir por aplicación do Real decreto lei 5/2007, do 22 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 20 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14051 REAL DECRETO 599/2007, do 4 de maio, polo que se modifican o Real decreto 825/1988, do 15 de xullo, polo que se regulan os fins de interese social da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o Real decreto 195/1989, do 17 de febreiro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para solicitar axudas para fins de interese social, derivadas da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas. («BOE» 174, do 21-7-2007.)

A aplicación dunha determinada porcentaxe dos ingresos orzamentarios do Estado procedentes da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas a fins de interese social tivo a súa orixe na Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988.

O Real decreto 825/1988, do 15 de xullo, polo que se regulan os fins de interese social da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, incluíu, no seu artigo 2, entre a consideración doutros «fins de interese social» os programas de cooperación e voluntariado sociais desenvolvidos pola Cruz Vermella Española e outras organizacións non gobernamentais e entidades sociais sen fin de lucro, ben como os programas e proxectos realizados no campo da cooperación internacional ao desenvolvemento en prol das poboacións máis necesitadas dos países subdesenvolvidos.

Por outro lado, o Real decreto 195/1989, do 17 de febreiro, estableceu os requisitos e procedemento para solicitar axudas para fins de interese social, derivadas da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.